



AOS PAIS/NAIS DOS ALUMNOS/AS DOS GRUPOS DO MOVEMENTO CALASANZ

Como cada ano, realizamos a convocatoria para participar nos grupos do Movemento Calasanz, ofrecendo así unha nova oportunidade aos nosos rapaces de convivir e compartir momentos, de seguir crecendo como persoas e acercarlles máis a figura de Xesús.

Infórmasevos de que este ano haberá algúns cambios no que respecta aos días da actividade quedando do seguinte xeito:

- **1ºESO os martes ao rematar as clases (15:00 a 16:00)**
- **2ºESO os venres aos rematar as clases (15:00 a 16:00)**
- **3ºESO os mércores ao rematar as clases (15:00 a 16:00)**
- **4ºESO os luns en horario de mediodía (14:40 a 15:40)**

Propoñemos que o alumnado que desexe participar na actividade traia bocadillo/tupper para comer todos xuntos ao saír da clase e incorporarnos despois á actividade en si.

O custo da actividade será de **14€ anuais** e serán cargados á conta bancaria indicada máis abaixo durante o mes de novembro.

Entregar autorización antes do 10 de outubro aos titores, ou ben directamente a Óscar Rodríguez.

Indicarvos ademais que o primeiro día que correspondería a cada mes, os catequistas reuniremonos para comentar a marcha dos grupos, programar,...; polo cal ese día non haberá catequese cos rapaces/as. **Comezaremos** a marcha dos grupos a semana do 22 ao 26 de outubro, cada grupo no seu día correspondente.

Ao comezo da actividade faráselles entrega do calendario do curso completo. Se houbo algún cambio avisarase coa suficiente antelación.

Un saúdo,

Lucía Mariño (Coordinadora Pastoral)

----- ✂ ----- ✂ -----

Eu, _____ autorizo ao meu
fillo/a _____ do curso _____

a participar na actividade de Movemento Calasanz.

O importe da actividade desexo que o carguen na seguinte conta:

ENTIDADE				SUCURSAL				D.C.		Nº CONTA							